

Eu tamén navego

blogoteca.com

Ir a páxina principal

FEMINISM
IS THE RADICAL
NOTION THAT
WOMEN ARE
PEOPLE

Temáticas

- [Betanzos](#)
- [Divagacións](#)
- [Eleccións 07](#)
- [Galiza](#)
- [Lingua](#)
- [Literatura](#)
- [Muller](#)
- [Novas](#)
- [Política](#)

Xosé María Álvarez Blázquez será o homenaxeado pola Academia no 2008



Seica Xohán Xesús González, Lois Pereiro, Fiz Vergara Vilariño, Eusebio Lorenzo Baleirón, Carvalho Calero, Ernesto Guerra da Cal ou Jenaro Marinas del Valle eran algúns dos nomes que figuraban nas quinielas para o Día das Letras Galegas de 2008, mais non faría máis que sorprendeme se lle renderan homenaxe ao profesor Carvalho Calero, é dicir, no fondo non sei até que punto estas supostas quinielas poden ser fiábeis. Unha persoa que tanto discrepou coa directrices da milenaria e rancia institución, que tanto e dun xeito tan lúcido, en moitas ocasións a través da ficción, loitou contra as directrices oficiais totalmente despreocupadas polo cada vez máis negro futuro que se lle presentaba á lingua galega, e máis aínda, o grande defensor do reintegracionismo tantas veces vetado polos sectores oficiais e oficiosos (vetado porque todos e todas sabemos da problemática de publicar neste país nunha normativa que non sexa a oficial). Ao mellor e oxalá algún día se recoñezan os méritos de determinadas persoas máis aló das súas ideas políticas e lingüísticas, mais mentres o conflito lingüístico (tanto o plano normativo coma no normalizador) perviva (**e determinados Partidos Políticos se empeñen en que a discriminación lingüística da nosa lingua propia é o ideal de mantemento do bilingüismo harmónico**) algúns dos grandes xeni@s galeg@s seguirán case no anonimato mentres que se lle rende homenaxe aos e ás afectas das directrices oficiais, ou cando menos, aos e ás menos perigos@s para a lexitimación das súas ideas.

Fotoblogoteca

- [Compostela de noite](#)
- [Día Internacional da Muller Traballadora](#)

Gosto de ler...

- [A sombrinha betanceira](#)
- [A Mesa pola Normalización Lingüística](#)
- [A Nosa Terra](#)
- [A randeeira](#)
- [A vida en Pontearreas](#)
- [ACEBE](#)
- [AGAL](#)
- [Albaroque da lingua](#)
- [Albaroque da lingua](#)
- [an fianna](#)
- [Andaina](#)
- [Asociación de escritores en lingua galega](#)
- [ASPG](#)
- [Ataque Escampe](#)
- [Betanceir@s que queredes?](#)
- [Betanzos.biz](#)
- [Biblioteca Virtual Galega](#)
- [Blogbradoiro](#)
- [BNG](#)
- [BNG-Betanzos](#)
- [CAF-CAE](#)
- [Cartafol do mandeo](#)
- [Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia](#)
- [Ciberirmandade da fala](#)
- [Coordinadora de Traballadores pola Normalización da Lingua](#)
- [Cribeiro](#)
- [El Pasatiempo](#)
- [El rincón de los sentidos](#)
- [Fala ceibe, o galego no Bierzo](#)
- [Galiza Nova](#)

Non obstante, este sábado, os membros da Real Academia Galega decidiron que tal honra recaera en Xosé María Álvarez Blázquez, candidatura que apoiaba o concello no que naceu este polifacético galeguista hai case cen anos.

Este autor, descoñecido moi probabelmente para moit@s, foi un persoeiro vinculado á cidade de Tui polo seu nacemento en 1915, e porque nesta cidade iniciou os seus traballos de investigación na prehistoria, e tamén ocupou unha praza de mestre no estoupido da Guerra Civil, que tan dramaticamente lle afectou, ao fusilar ao seu pai, o médico Dario Álvarez Limeses, e mesmo ser depurado como mestre e trasladado a un pobo de Zamora. Logo da su excedencia voluntaria, no ano 1942, comezou en Vigo unha intensa laboura cultural que lle ocupou toda a súa vida.

Álvarez Blázquez militou na Federación de Mocidades Galeguistas e no Partido Galeguista, observamos, por tanto, entre as súas inxerencias un importante compromiso co país. Fundou a Editorial Monterrey xunto a Luís Viñas Cortegoso, no 1950, editora que amparou o nacemento da denominada Nova Narrativa Galega, tamén fundaría Edicións Castrelos no ano 64 que editaría a colección O Moucho, que abriu O catecismo do labrego, de Valentín Lamas Carvajal e popularizaría as obras de Rosalía e Curros Enríquez. Entrou a formar parte da RAG no 62. Morreu en Vigo no 1985.

Da súa obra en galego, destacan a colección de relatos Os ruíns (1936) e A pega rabilongo e outras historias de tesouros (1971), no xénero da narrativa infantil. Entre a súa obra lírica, o poemario, realizado xunto co seu irmán Emilio, Poemas de ti e de min (1949), Roseira do teu mencer (1950), Cancioneiro de Monfero (1953), unha das obras claves do neotrobadorismo, Romance do pescador peleriño (1954), ademais de Canle segredo, escrito no 54 e publicado no 76. Como ensaísta, publicou Escolma de poesía galega II: A poesía dos séculos XIV a XIX (no 59), Escolma de epigramas (1968), e Escolma de poesía medieval (1975).

E ti, que pensas? (1) - Tema **Lingua** - Publicado o 03-07-2007 13:45

Ligazón permanente



1 Comentario(s)

- 1 Ola! Coincido contigo plenamente no tocante a Carvalho Calero. De momento, paréceme pouco probábel que lle dediquen o Día das Letras Galegas, a pesar de que hai moitos anos que o merece. E o mesmo se podería dicir de Jenaro Marinhas del Valle, grandísimo escritor dramático e tamén excluído pola opción lingüística á que se adscribiu nos últimos anos da súa vida.
De todos os xeitos, paréceme ben esta merecida homenaxe a Álvarez Blázquez, autor tamén moitas veces esquecido.

Un saúdo

Comentario por Xohán (03-07-2007 16:20)